



Impostores no Museo das Mariñas



@BAMBETANZOS

Impostores no Museo das Mariñas



Presentación

A actividade “Impostores no Museo das Mariñas” é unha acción pensada para realizar no interior do museo por grupos de secundaria.

Trata de lograr un achegamento ás diferentes pezas da colección a través dun xogo dinámico, creativo e desenfadado que poida conectar co público obxectivo.

Obxectivos


- Coñecer de xeito lúdico as diferentes historias que agochan as pezas do museo
- Espertar a creatividade e a oratoria do alumnado
- Achegar ao público o traballo do museo

Desenvolvemento do xogo


Cada alumno ou parella de alumnos recibirá unha ficha sobre un personaxe representado no museo, xa sexa a través da súa figura ou de pezas cas que teña relación.

Ese documento leva unha presentación da personaxe e do seu contexto e amosa catro datos relativos á súa historia.


Cada estudante deberá engadir dous datos que sexan falsos e, posteriormente, presentarlle a peza ao resto dos compañeiros, explicando os datos verdadeiros e os inventados, para que o resto da aula teña que adiviñar cales son as características erradas do discurso.



1. **Antonio González de Sosa**
2. **Mariano Alfonsetti**
3. **Antonio Vázquez**
4. **Príncipe Yusuf**
5. **Afonso de Carvallido**
6. **Clara Sánchez**
7. **Gunçalvo Rodrigues**
8. **Sanch Rodríguez**
9. **Cendulfus**
10. **Rufo Bassino**
11. **Catalina Sánchez**
12. **Pedro Feo**



- 13. Marqués de Villanueva
- 14. Natalia Jiménez de Cossío
- 15. Marqués de Mos
- 16. Peregrino inglés
- 17. Santiago Apóstol
- 18. Lombardero
- 19. Antonio Sánchez de Taibo
- 20. Teófila Sasiaín
- 21. Zoltan
- 22. Antonio Portela
- 23. Jesús García Naveira
- 24. San Roque
- 25. Gamachiño
- 26. Fco. Javier Martínez Santiso
- 27. Rafael Seoane
- 28. Juan Gatott



1) ANTONIO GONZÁLEZ DE SOSA

NOME

Antonio González de Sosa

ÉPOCA

Século XVI

PEZA

○ convento de San Domingos

BIOGRAFÍA

Antonio González de Sosa morre en Betanzos en xaneiro de 1558 e deixa a súa herdanza para a primeira orde relixiosa que se establece na cidade. Os máis rápidos son os dominicos, que aceptan a herdanza e comezan a construír este convento de San Domingos que agora o cupa o Museo das Mariñas.

4 DATOS

1. Antonio, era un home relixioso con moitos cartos aforrados e sen descendencia.
2. Deixou herdanza para a primeira orde relixiosa que chegase a Betanzos.
3. Os máis rápidos foron os dominicos que ergueron este edificio e encargáronlle logo a torre a un dos arquitectos que fixo a Catedral de Santiago.
4. No século XIX expulsouse aos monxes e o edificio foi reconvertido en instituto, en cuartel, en cine e en museo.



3) ANTONIO VÁZQUEZ

NOME

Antonio Vázquez

ÉPOCA

Século XVII

PEZA

Mapa do incendio de 1616

BIOGRAFÍA

Antonio Vázquez era un veciño de Betanzos ao que o xuíz que investigaba o incendio de 1616 que arrasou a cidade lle pediu «que haga una pintura con toda la verdad y lo mexor que supiere de las calles y edificios que se quemaron y están quemados dentro y junto a las murallas y de lo que quedó por quemar, que se le pagará su trabaxo»

4 DATOS


1. Debuxou toda a cidade, pintando de negro as casas queimadas.
2. Queimáronse máis de 600 casas.
3. A pintura buscaba demostrarlle graficamente ao Rei o estado no que quedara a cidade para que logo dise axuda económica aos betanceiros.
4. O feito de que as casas fosen de madeira e estivesen pegadas unhas a outras, provocou a propagación do lume.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



8) SANCHA RODRÍGUEZ



NOME

Sancha Rodriguez

ÉPOCA

Século XIV

PEZA

Sarcófago de Sancha Rodríguez

BIOGRAFÍA

Foi unha nobre galega, casada con Fernán Pérez de Andrade. Procedía da liñaxe dos Aras Pardo, máis importante que a familia Andrade, polo que grazas a este matrimonio Fernán Pérez de Andrade puido medrar economicamente. Faleceu antes que o seu marido, que volvería casar con outra muller.

4 DATOS

1. Foi unha das mulleres máis importantes da época medieval en Betanzos e agora hai unha rúa que leva o seu nome.
2. O escudo dos Aras Pardo estaba composto por un león grande apoiado nun león máis pequeno, tal como se pode intuír no seu sepulcro, que tamén emprega estes dous leóns para apoiar a súa sepultura.
3. Os leóns apareceron formando parte da parede dunha casa na rúa Lanzós. A caixa utilizouse como bebedeiro de cabalos cando isto era o cuartel da Guardia Civil, por iso ten eses buratos laterais.
4. Seguramente non está enterrada co seu marido porque faleceu antes e el volveu casar con outra muller.

4) PRINCIPE YUSUF



NOME

Abu'l-Haggag Yusuf I

ÉPOCA

1467 (s.XV)

PEZA

Este funeraria nazarí de Yusuf I

BIOGRAFÍA

Foi un sultán do reino nazarí de Granada, cando esta pertencía aos musulmáns. Faleceu en 1450 e foi enterrado baixo esta lápida cunha inscrición escrita en árabe. A lápida foi descuberta no ano 1574 nunhas obras no palacio da Alhambra. Pénsase que a lápida chegou a Betanzos nun dos galeóns que entraban pola ría. Por petición do cura de Santa María levouse para a súa igrexa ata que foi descuberta e devolta á Alhambra tempo despois.

4 DATOS

1. A inscrición da lápida, escrita en árabe, conta a vida de Yusuf
2. Aínda que é un obxecto musulmán, a pedra estivo durante centos de anos sendo a mesa do altar da igrexa de Santa María e sobre ela dábbase misa católica.
3. Cando se descubriu, devolveuse á súa terra, e a día de hoxe o orixinal está no Museo da Alhambra de Granada.
4. En Betanzos conservamos só esta copia da orixinal.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



7) GUNÇALVO RODRIGES



NOME

Gunçalvo Rodrigues

ÉPOCA

1462 (s.XV)

PEZA

Lauda do cabaleiro

BIOGRAFÍA

Non sabemos practicamente nada do pobre Gunçalvo, que debeu ser un cabaleiro que foi enterrado no entorno da igrexa de San Francisco baixo esta gran pedra. Co paso do tempo, a pedra acabou tapando unha das entradas das covas do Parque do Pasatempo. Ademais da decoración do escudo e o animal, podemos ler ao redor «AQL : IAS : GUNÇALVO RODRIGES (...) QE FINOU : ERA : DE : MCCCC ANOS».

4 DATOS

1. A tumba deste cabaleiro estaba en S. Francisco e acabou pechando unha das entradas ás covas do Pasatempo
2. Na súa lápida aparece representado un can ou un lobo
3. Tamén un escudo cunha espada por debaixo
4. Pódese ler con facilidade o seu nome na pedra

9) CENDULFUS



NOME

Cendulfus Presbítero

ÉPOCA

881 (s.IX)

PEZA

Restos dunha pedra ca inscrición

BIOGRAFÍA

Cendulfus era un relixioso que levantou un templo na honra de Santa Eulalia no lugar de Espenuca (Coirós). Esta pedra identificaría o lugar, xa que aínda quedan restos do nome e da data na inscrición. Había unha lenda que dicía que debaixo desta pedra baixaba unha barra de ouro que chegaba ata o Pozo da Moura, en Chelo, por iso alguén a dinamitou, quedando só estes pedazos.

4 DATOS

1. Aínda podemos ler DULFUSPbS e IASERADCCC, que son a inscrición en latín do nome e o ano na que se fixo
2. Unha lenda dicía que debaixo desta pedra había unha barra de ouro que chegaba ata o pozo da Moura, dentro do río, en Chelo
3. Por iso foi dinamitada nalgún momento, na procura deste tesouro
4. A lenda tamén dicía que era imposible nadar ao redor do Pozo da Moura, porque todo o mundo afogaba no seu entorno.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



6) CLARA SANCHES



NOME

Clara Sánches

ÉPOCA

Século XV

PEZA

Sepulcro de Clara Sánches

BIOGRAFÍA

Clara Sanches é a muller do comerciante e guerreiro irmandiño Afonso de Carvallido. A súa figura está vinculada directamente á actividade e á memoria do seu marido, xa que ambos comparten a simboloxía na lauda sepulcral. A documentación sitúa a súa morte arredor dos anos 70 do século XV, nun momento moi próximo ao conflito das Revoltas Irmandiñas. Aínda que non é presentada como líder independente, a súa presenza no estudo destaca a importancia social e das mulleres na Baixa Idade Media.

4 DATOS

1. Aparece representada co "rolo", un tipo de tocado que empregaban as mulleres burguesas de diferentes puntos de Europa.
2. Era unha comerciante pero debido ao éxito do seu marido nas guerras irmandiñas, foi enterrada nun sepulcro tallado como se fose unha muller nobre.
3. Como vinganza, a súa tumba e a do seu marido foron reconvertidas nos escalóns de acceso á igrexa de Sta. María.
4. Aínda se pode ler a inscrición CLARA SANCHES: MOLLER :D:A:D:CAVALLIDO

5) AFONSO DE CARVALLIDO



NOME

Afonso de Carvallido

ÉPOCA

Século XV

PEZA

Sepulcro de Afonso de Carvallido

BIOGRAFÍA

Mercader betanceiro que tivo un papel destacado durante as Revoltas Irmandiñas (1467-1469). Exerceu como alcalde de irmandade, representando a participación da burguesía urbana no movemento contra os abusos da nobreza, representanda en Betanzos pola familia Andrade. No museo temos a súa tumba, que debera estar dentro de Santa María pero como vinganza foi expulsada do templo e reconvertida en escalóns de

4 DATOS


1. A súa tumba, máis que dun mercader, parece dun nobre.
2. No sepulcro podemos leer ALFONSO: D: CARVALLIDO: MERCADOR: e ver a árbore do seu apelido representada.
3. Enterrouse dentro da igrexa de Santa María, que pertencía aos seus inimigos nas revoltas irmandiñas, os Andrade. Como estes venceron a segunda e definitiva batalla, decidiron expulsar a súa tumba e a da súa muller do interior da igrexa, picaron a súa cabeza e empregaron a tapa da tumba de escaleiras para acceder ao templo.
4. Con esta vinganza, todos os betanceiros que entrasen na igrexa construída polos Andrade tiñan que pisar antes aos seus inimigos.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



11) CATALINA SÁNCHEZ



NOME

Catalina Sánchez

ÉPOCA

Século XVIII

PEZA

Peneira e pala de pan

BIOGRAFÍA

Pouco sabemos desta figura, tan só que era unha muller forneira moi importante na súa época. Quedou viúva, mais iso non lle impediu converterse nunha das persoas con maior patrimonio da vila, chegando a ser unha das veciñas que máis propiedades tiña na vila en número de casas e edificios. Os beneficios que iso lle reportaba, levouna a investir no negocio da sal, moi importante no pasado de Betanzos.

4 DATOS

1. Foi propietaria de ata 10 vivendas, algo impensable nunha época onde dominaban os homes.
2. Só a orde relixiosa dos dominicos tiña máis propiedades que ela
3. Aínda que traballaba nun forno, o seu patrimonio era superior ao das familias máis adineradas da cidade.
4. O éxito de Catalina foi aproveitar os piares da economía betanceira (os fornos de pan, o mercado do sal e arrendar vivendas).



NOME

Pedro Feo

ÉPOCA

Século XVI

PEZA

Lagar do viño

BIOGRAFÍA

Dende sempre Betanzos tivo unha relación moi estreita co viño, como produto do seu campo e como motor da súa economía. Rara era a casa na que non se facía viño e incluso moitas o comercializaban nas súas bodegas.

Entre estes produtores destacamos a figura de Pedro Feo, un veciño que en 1592 contrata ao carpinteiro Pedro Xordo para que lle constrúa dous lagares para torcer viño.

A relación do viño con Betanzos racha no século XIX, ca chegada de varias enfermidades que afectaron ás cepas locais e só no século XXI comezou de novo a recuperación de variedades autóctonas como é a uva do blanco lexítimo.

4 DATOS

1. O viño de Betanzos sempre foi un dos piares da vida e da economía betanceira.
2. Case todas as familias plantaban uvas para facer o seu propio viño para beber durante todo o ano.
3. Pedro Feo contaba con varias bodegas na contorna por iso contrata a Pedro Xordo para que lle constrúa dous lagares.
4. Estes lagares estarían destinados a "torcer" viño, é dicir, a esmagar a uva e sacar así o seu zume.




@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



10) RUFO BASSINO



NOME

Rufo Bassino

ÉPOCA

Século I

PEZA

Ara de Fervenzas

BIOGRAFÍA

Na igrexa de San Vicente de Fervenzas de Aranga, apareceu unha vez esta ara soterrada baixo o chan. A ara é unha pedra sagrada na que se celebraban as ofrendas e os sacrificios aos deuses. Neste caso podemos ler o seguinte:

R. B A S S I / N V S. V / O T V M. / I O V I / L. A. S.

Que os investigadores interpretan como Rufo Bassino dedica esta ara ao deus Xúpiter, cumprindo con moita satisfacción a súa promesa.

Rufo prometéralle algo a Xúpiter, un dos deuses máis importantes para os romanos, e por iso ergueu este monumento na súa honra.

4 DATOS

1. Esta pedra terá uns 2.000 anos
2. Ten unha inscrición de Rufus Bassinus ao deus Xúpiter
3. Apareceu soterrada nunha igrexa de Aranga
4. É unha ara, unha pedra sagrada que se empregaba como ofrenda aos deuses. No museo temos varias.

13) MARQUÉS DE VILLANUEVA



NOME

Marqués de Villanueva

ÉPOCA

Anterior a 1818, que se reconstrúe

PEZA

Escudo do cuartel de milicias

BIOGRAFÍA

No barrio da Ribeira estaría o cuartel de milicias, onde estaría aloxado o Rexemento Militar de Betanzos.

Reconstruíuse en 1818 grazas ao Marqués de Villanueva aínda que acabou desaparecendo. Chama a atención o escudo de Betanzos que ten picada a coroa monárquica, seguramente violentada durante o período republicano.

4 DATOS

1. O cuartel de milicias acollía ao Rexemento Militar de Betanzos
2. Estaba no barrio da Ribeira, na beira do río
3. Tiña un gran escudo de Betanzos na súa fachada, ao que lle acabaron picando o escudo monárquico.
4. Este ataque seguramente foi feito en tempos da República, na que se facía desaparecer os símbolos ligados ao Rei



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



16) SANTIAGO PEREGRINO



NOME

Santiago O Maior

ÉPOCA

Século XIV

PEZA

Escultura do Santiago Peregrino

BIOGRAFÍA

Foi atopado soterrado na igrexa de San Francisco. Representa a Santiago o Maior como peregrino, cunha iconografía singular, na man esquerda leva unha cantimplora — probablemente de pel en vez dunha cabaza— e un bordón con cintas enroladas con punta metálica para facilitar o apoio ao camiñar. Sostén o Evanxeo na man como símbolo da súa misión apostólica. Leva a peliza co pelo cara fóra, detalle pouco común que lle confire un interese histórico-artístico.

4 DATOS

1. Aparece baixo a antiga escola de S. Francisco, no que hoxe é o conservatorio.
2. Sabemos que é Santiago polo Evanxeo que sostén.
3. É unha das primeiras representación deste tipo datado no s.XIV.
4. A aparición desde Santiago en Betanzos fai constar da importancia das rutas xacobeas na Idade Media e que a vila foi un punto xeográfico clave.

18) JUAN ANTONIO FERNÁNDEZ LOMBARDERO



NOME

Juan Antonio Fernández Lombardero

ÉPOCA

1705-1796 (s.XVIII)

PEZA

Maquinaria do reloxo de 1757

BIOGRAFÍA

Lombardero procede dunha afamada familia de reloxeiros lugueses. Da súa man nacen moitos dos reloxos que decoran grandes monumentos de Galicia. Chegou a Betanzos en 1757 para construír un novo reloxo para a chamada Torre do Reloxo. Na súa maquinaria aínda podemos ler: LOMBARDERO LO HACIA PARA LA M.N. Y M.L. CIU DE BETANZOS (...) AÑO DE 1757. N° 59». Este último número é o que usaba Lombardero para inventariar a súa obra, sendo o de Betanzos o reloxo n°59 da súa creación.

4 DATOS

1. Esta maquinaria era a do reloxo do alto da Torre do Reloxo.
2. Esta torre servía como punto para avisar á veciñanza de todo tipo de asuntos a través das campás: ataques de inimigos, incendios, inicio da vendima, etc.
3. Na maquinaria aínda se pode ler a firma do autor.
4. Houbo outros reloxeiros que non conseguiron amañar este reloxo e por iso acabaron presos na cárcere.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



15) MARQUÉS DE MOS



NOME

Marqués de Mos

ÉPOCA

Século XVIII

PEZA

Placa de peche das minas

BIOGRAFÍA

Este marqués tiña o seu palacio no que logo sería tamén o Cuartel de Milicias de Betanzos, no barrio da Ribeira, pegado ao río Mandeo. Cando o rei Carlos III quixo buscar mercurio nas profundidades de Betanzos atopouse coa súa oposición, pois estaban cavando por debaixo das súas propiedades. Nun túnel próximo á “Casa da Mina” atopouse a placa na que se explica que só se paralizou a búsqueda deste mineral no subsolo de Betanzos polo egoísmo deste marqués, que pensaba no seu beneficio propio e non no da cidade.

4 DATOS

1. O seu pazo estaba no barrio da Ribeira, cerca da “Casa da Mina”
2. A placa ten unha inscrición na que se narran os feitos, de como Carlos III quería buscar azougue ou mercurio e só a oposición do marqués freou tal experimento.
3. Na parte traseira da placa podemos ler “Siguiendo esta entrada sobre la derecha está la veta”
4. O marqués non quería que excavarán diante da súa casa buscando un mineral tan tóxico como o mercurio.

19) ANTONIO SÁNCHEZ DE TAIBO



NOME

Antonio Sánchez de Taibo

ÉPOCA

Século XVII

PEZA

Arca das tres chaves

BIOGRAFÍA

Don Antonio Sánchez de Taibo, funcionario ao servizo do rei Carlos II, natural de Bergondo e rexedor da Coruña e Betanzos, fundou xunto coa súa esposa o Hospital de San Antonio de Padua para atender a pobres e peregrinos. O matrimonio represéntase nesta porta dun armario, que sería o sitio no que se gardasen os cartos e a documentación do hospital.

4 DATOS


1. O hospital hoxe é o edificio dos Xulgados.
2. O retrato do matrimonio simboliza o seu poder, co escudo e a Cruz de Santiago, entre outros símbolos.
3. Na porta aínda se poden ver as pechaduras das tres chaves que serían necesarias para abri-lo.
4. Antonio mercou en Roma os cadros que están nesta sala e que agora sabemos que posiblemente foron pintados na escola de Rubens, un dos pintores máis importantes do século XVII.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



16) O PEREGRINO INGLÉS



NOME

Peregrino inglés

ÉPOCA

s.XV

PEZA

Moeda de ouro inglesa

BIOGRAFÍA

Durante unhas obras no antigo convento de S. Francisco apareceron soterradas dúas moedas. Unha era inglesa e a outra alemá. Estas moedas medievais, denominadas "Tesorillo de San Francisco", poden ter a súa orixe en dous acontecementos:

- 1 - A importancia de Betanzos como gran porto comercial, no que habería mercaderías e moedas de diferentes procedencias.
- 2 - A importancia de Betanzos como punto do Camiño de Santiago, levando a algún peregrino a perder estas moedas no seu desprazamento cara Santiago.

4 DATOS

1. As moedas atopáronse durante unhas obras no convento de San Francisco de Betanzos.
2. Son moedas de ouro do século XV, acuñadas en Inglaterra e Alemaña.
3. Poden proceder do comercio do porto betanceiro ou dalgún peregrino que pasou pola cidade fai máis de 500 anos.
4. No florín alemán pode verse perfectamente a figura de Xesucristo.



24) SAN ROQUE

NOME

San Roque

ÉPOCA

S.XIV

PEZA

Escultura de San Roque

BIOGRAFÍA

Percorreu Italia curando enfermos de peste ata que se infectou e se retirou el só a un bosque para non contaxiar. Subsistiu grazas á axuda dun can que lle levaba pan a diario, ata que o dono do can descubriu ao enfermo e axudouno a recuperarse. Seguiu salvando xente ata que foi falsamente acusado e faleceu no cárcere, pasando a ser considerado un santo.

A súa devoción espallouse dende o século XV, por mor da epidemia de peste, estando considerado como un santo que axudaba na loita contra estas enfermidades.

Durante unha epidemia de peste en Betanzos, a vila ofreceuse ao santo en busca de axuda, polo que pasou a ser considerado patrón da cidade. A el se lle dedican as festas do mes de agosto e o lanzamento do Globo.

4 DATOS

1. San Roque sempre se representa cunha ferida e un can.
2. É considerado protector contra a peste e outras epidemias.
3. É patrón de Betanzos e a el se lle dedican as festas da cidade.
4. En Betanzos existía unha capela na súa honra que foi derrubada en 1983 para construír unha sucursal bancaria.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



26) FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ SANTISO



NOME

Francisco Javier Martínez Santiso

ÉPOCA

1868-1934

PEZA

Fotografía da escola de pintura

BIOGRAFÍA

Francisco Javier é un veciño de Betanzos que destaca pola súa curiosidade e a súa cultura. Foi mestre, bibliotecario, artista, fotógrafo e rematou a súa vida traballando no Concello de Betanzos como “inteligente de obras” ou asesor artístico para todo tipo de construcións, dende vivendas particulares a fontes ou pontes.

4 DATOS

1. Súas son as primeiras fotografías que temos da cidade
2. Foi mestre no instituto e deu clases particulares de pintura e debuxo a homes e mulleres de Betanzos.
3. Deseñou edificios, fontes, perfumes, a base do palco da música e fixo mapas e planos da cidade.
4. A súa filla, Rosina, seguiu o seu legado como pintora e tamén foi mestra de clases particulares de pintura.

23) JESÚS GARCÍA NAVEIRA



NOME

Jesús García Naveira

ÉPOCA

1853-1912

PEZA

Busto de Jesús García Naveira

BIOGRAFÍA

Juan e Jesús García Naveira son dous irmáns que naceron nunha familia humilde do barrio da Ribeira. Emigraron á Arxentina onde fixeron unha gran fortuna e, ao seu regreso a Betanzos, quixeron investir os seus cartos en axudar aos veciños máis desfavorecidos. Crearon escolas para nenos e nenas, un asilo para anciáns ou unha casa do pobo para os obreiros. Son tamén os creadores do Parque do Pasatempo.

4 DATOS


1. Jesús era moi moderno para a súa época. Foi a segunda persoa en ter coche en Betanzos e na súa estatua sae falando por teléfono (moito antes de que se popularizase esta ferramenta)
2. Morreu en 1912 de accidente de coche na Arxentina.
3. Estivo enterrado na Arxentina, logo o seu cadaver tróuxose para o Asilo García Irmáns e cando este se derrubou levaron os seus restos para o cemiterio actual.
4. Deixou no seu testamento cartos para as 200 familias máis pobres de Betanzos e os fondos necesarios para facer a escola que hoxe en día é a gardería de San Francisco.




@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



28) JUAN GATOTT



NOME

Juan Gattot

ÉPOCA

Século XIX

PEZA

Estandarte da banda de música

BIOGRAFÍA

Juan Gatott foi o primeiro director da Banda de Música de Betanzos tras a súa creación en 1852. Esta banda de música organízase para “emplear en el aprendizaje de este arte a varios jóvenes dedicados a la vagancia”

4 DATOS

1. Tiña experiencia como músico en bandas militares.
2. Foi cesado aos tres anos polo seu pouco gusto co repertorio, o pouco avance que lograba nos alumnos, a brusquedade ca que os trataba e a mala afinación da banda.
3. Existe un expediente no Arquivo Municipal no que se explican estas causas do seu despido e ademais engaden que padecía xordeira.
4. Para ser membro da banda había que ter entre 10 e 16 anos, saber ler e escribir e aguantar durante, polo menos, catro anos.

20) TEÓFILA SASIAÍN



NOME

Teófila Sasiaín

ÉPOCA

Século XX

PEZA

Cadro das papoulas

BIOGRAFÍA

Esta pintora coruñesa destacou dende moi nova no mundo artístico. Participou en mostras cos principais pintores da provincia e, nos anos cincuenta, chegou a Betanzos como mestra de debuxo no instituto. Tras uns anos aquí, nos que moitos veciños aínda a lembran pintando dende o balcón da súa casa, acabou desaparecendo. Tempo despois, e de casualidade, descubriuse que falecera internada nun hospital psiquiátrico.

4 DATOS


1. Foi unha destacada pintora e mestra de debuxo.
2. Ao final da súa vida desapareceu e só soubemos o seu final grazas ao libro do 50º aniversario do instituto Francisco Aguiar, onde outra mestra conta que morreu nun psiquiátrico abandonada por amigos e familiares.
3. Hai dúas liñas moi marcadas na súa obra, que varía entre o debuxo nervioso do final e as cores vivas dos comezos.
4. Foi unha das pintoras coruñesas máis destacadas do século XX.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



27) RAFAEL SEOANE



NOME

Rafael Seoane

ÉPOCA

1954-10/10/2010

PEZA

Torques de Rafael Seoane

BIOGRAFÍA

“Escritor y gran viajero” Isto é o que pon na súa lápida do cemiterio de Bergondo, aínda que Rafael non está morto, ou si? O 10-10-10 decidiu “morrer” para o mundo occidental e fugarse para a illa de Kiritimati, despois de moitos anos de viaxes, de ter unha editorial ou un anticuario en Portugal onde almacenou todas as pezas que agora vedes neste recuncho do museo.

4 DATOS

1. Publicou libros como “Crónicas de un peregrinaje por Europa con el Real Club Deportivo de la Coruña”
2. Rexentou un anticuario en Portugal e o que non chegou a vender antes do 10-10-10 doouno ao museo.
3. Os torques da súa colección son das pezas máis valiosas do museo.
4. Ninguén sabe se aínda sigue vivo. Dende o 2010 reside nunha illa perdida do océano Pacífico.

14) NATALIA JIMÉNEZ DE COSSÍO



NOME

Natalia Jiménez de Cossío

ÉPOCA

1921-2008

PEZA

Colección Jiménez Cossío

BIOGRAFÍA

Natalia criouse rodeada de personaxes como Lorca ou Dalí na Residencia de Estudiantes que dirixía o seu pai en Madrid. O seu avó foi un dos creadores da Institución Libre de Ensinanza. Tras a Guerra Civil exiliouse en Francia e Inglaterra. Ao seu regreso, pasaba os verán na quinta de Vixoi ca súa familia, polo que decidiu doar parte do seu legado ao Museo das Mariñas. Trátase dunha colección de todo tipo de telas que foran adquirindo nas súas viaxes polo mundo, todas feitas por mulleres anónimas, o que o levou a denominar “arte popular”.

4 DATOS

1. Natalia compartiu a súa vida cas figuras máis importantes da cultura española antes da Guerra Civil.
2. A súa familia coleccionaba pezas de “Arte popular”, arte feita por mulleres anónimas pero de gran valor cultural.
3. Vivíu en Madrid, París ou Londres pero veraneaba en Bergondo.
4. Outra parte do seu legado está distribuído entre varios museos madrileños.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



22) ANTONIO PORTELA



NOME

Antonio Portela

ÉPOCA

1865-1927

PEZA

Imaxe de Rosalía de Castro

BIOGRAFÍA

Este coruñés raballa dende os anos oitenta do século XIX ligado ao mundo da fotografía e da arte. Emigrou a Cuba, México, Arxentina e Uruguai pero incluso en América seguiu traballando como fotógrafo. Ao regreso establécese en Madrid e logo na Coruña e Betanzos. Pouco a pouco vai sendo recoñecido como un estupendo retratista. En 1902 realiza un debuxo a carbonciño de Rosalía de Castro que pasa a converterse nunha imaxe icónica desta escritora.

4 DATOS

1. Foi fotógrafo en España, Cuba, México, Uruguai e Arxentina.
2. Realizou un debuxo de Rosalía de Castro para as súas obras completas da editorial Aguilar e que se empregou nos billetes de 500 pesetas.
3. Tivo seis fillos e todos se dedicaron á fotografía.
4. En Betanzos tivo unha tenda de fotografía co seu fillo entre 1915 e 1918, no número 26 da praza do Campo.

25) GAMACHIÑO



NOME

Gamachiño

ÉPOCA

Século XVII

PEZA

Arco das danzas dos mariñeiros

BIOGRAFÍA

O gamachiño é o demo que acompaña á danza dos mariñeiros. Aparece xa citado en documentos de 1604 onde o bispo solicita que non se permitan estas personaxes nas procesións. Actualmente loitan contra os mariñeiros dentro da danza pero na súa orixe facían só un acompañamento, axudando ca súa presenza a afastar espíritos malignos e tamén á rapazada que presenciaba os desfiles das festas e das procesións.

4 DATOS


1. Hai un cadro da pintora Sofía Felíu que representa a este personaxe.
2. Simboliza unha especie de demo que tamén é coñecido con outros nomes como demachino ou fetoyro.
3. Na actualidade loita contra os mariñeiros que portan os arcos ao bailar a súa danza.
4. É unha personaxe que ten máis de 400 anos.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



2) MARIANO ALFONSETTI



NOME

Mariano Alfonso

ÉPOCA

Século XIX

PEZA

Cine Alfonso

BIOGRAFÍA

De orixe alacantina, Mariano é un militar que acaba destinado na illa de Cuba. Alí cásase con Irene Adams, con quen ten unha filla, e acaba destinado en Betanzos. Ao chegar á cidade, a súa paixón polo teatro lévao a solicitarlle ao Concello a creación dun edificio para tal fin, sen conseguir máis que unha habitación na que se amoreaban as pedras cas que se reconstruían as rúas de Betanzos. Facendo representacións teatrais ca súa familia en diferentes puntos da vila, vai acadando uns fondos que lle permiten iniciar a obra do que será o Teatro Alfonso.

4 DATOS

1. Este é un dos cines máis antigos de España en funcionamento, aínda que cando Alfonso estivo en Betanzos nin tan sequera se tiña inventado o cine.
2. O seu oficio principal non era o teatro, senón que Mariano era militar e por ese motivo chegou a Betanzos.
3. Iniciou a creación do edificio que a día de hoxe alberga o cine que leva o seu nome.
4. Xunto ca súa familia, facía representacións teatrais por toda a cidade para conseguir fondos.

21) ZOLTAN



NOME

Zoltan Varga-Haszonits

ÉPOCA

1948-2010

PEZA

Debuxo de San Francisco

BIOGRAFÍA

Filólogo pola Universidade de Budapest, na súa Hungría natal, chegou a finais do século XX a Betanzos tras residir en diferentes partes de España. Malia súa formación cultural, Zoltan vivía na rúa da limosna da xente. Era recoñecida a súa calidade artística, facendo debuxos que intercambiaba por viños nos bares da cidade. Era un gran experto en historia medieval e deixou publicado algún traballo no Anuario Brigantino, a revista que facemos no Museo das Mariñas.

4 DATOS

1. É un dos protagonistas do libro "Cerveza caliente"
2. Foi un artista que vivía na rúa e intercambiaba os seus debuxos por viños e conversas.
3. Era un gran coñecedor da historia medieval europea.
4. Moitos veciños conservan nas súas casas debuxos que Zoltan lles regalou nalgún momento ou que el mesmo vendía na rúa.



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL



@BAMBETANZOS
BAM.BETANZOS.GAL

